

MUNDO

## Catarina Martins: “Cunha xustiza fiscal, Portugal non sería intervido”

“Os bancos en Portugal tributan menos ca unha pequena tenda de barrio”, asegura

RICARDO RODRÍGUEZ 01/05/2011 - 02:18 h.

Non entendes unha palabra? Faille dobre clic



0 Comentarios

1 voto/s  
Vota

Portugal prepárase para a terceira intervención do Fondo Monetario Internacional dende a Revolución do 25 de Abril, que trouxo a democracia ao país en 1974. E tamén para uns comicios anticipados despois de que o primeiro ministro, José Sócrates, presentara a súa renuncia ante o presidente da República, António Cavaco Silva, o pasado 23 de marzo. Para Catarina Martins, deputada na Assembleia da República portuguesa polo Bloco de Esquerda, a intervención podía terse evitado e as eleccións non suporán cambios substanciais no goberno, porque, de gañar o PSD, implementaría as mesmas políticas de austeridade que motivaron a caída de Sócrates.

### Portugal enfróntase á peor crise financeira dende o 25 de Abril e tamén a un complexo escenario político. Cales son as claves da situación?

Dende hai tempo, Portugal ten problemas económicos estruturais graves. Era preciso ter investido na capacidade de produción do país. Porén, o que aconteceu foi que o Goberno tomou unha serie de decisións que outros países xa tomaran e que, na nosa opinión, son as trabucadas: no canto de darlle pulo ao crecemento económico para resolver os problemas da débeda, impuxéronse medidas de austeridade. O investimento público detívose; atacouse o poder adquisitivo da poboación e con iso o que se conseguiu foi producir aínda menos e entrar en recesión económica, e, xa que logo, a situación da débeda agravouse aínda máis porque non hai inversión nin crecemento. O Goberno presentou varios paquetes de medidas de austeridade que foron aprobadas polo PS [do primeiro ministro Sócrates] co apoio do principal partido da oposición, o [conservador] PSD. Cando se presentou o último plan de crecemento, que prevía unha conxelación das pensións –en Portugal, son das máis baixas de Europa, temos cidadáns que non gañan máis de 300 euros ao mes–, na Assembleia da República, estas medidas foron rexeitadas por toda a oposición. O que deseguido aconteceu foi algo que non ten sentido ningún: o PSD, que tiña aprobado todas as medidas anteriores, dixo que o problema non eran as medidas, senón os políticos que estaban no Goberno e que, xa que logo, o que eles se propuñan era chegar ao poder para implementar exactamente as mesmas medidas que o Goberno socialista estaba a implementar. Así que no escenario de crise financeira no que estabamos os banqueiros xuntáronse e decidiron chamar o Fondo Monetario Internacional. Neste momento ninguén quere ter a responsabilidade de ter chamado ao FMI, aínda que os responsábeis sexan o Goberno socialista e a oposición de dereitas que aprobou as medidas de austeridade até agora. O PS e o PSD elaboraron un discurso no que se asegura que esta é a única saída. Pero o FMI non axuda os países, non promove o crecemento económico e eran necesarias outras medidas.

### **Había algunha alternativa á intervención de Portugal?**

Si, non temos dúbida. Hai mecanismos no [Banco Central Europeo](#) para garantir a liquidez e hai unha serie de medidas fiscais, mais tamén de desenvolvemento económico e de crecemento que podían ter sido aplicadas e non foron. Os bancos en Portugal pagan menos impostos que unha pequena tenda de barrio. O ano pasado, distribuíronse dividendos aos accionistas exentos de tributar. Dende o Bloco de Esquerda, pedimos que estas transferencias estivesen sometidas a tributación, pero nada disto ten sido feito. Á banca e as finanzas déronselle todas as garantías, pero non se lle deu resposta aos problemas sociais. En Portugal, hai un banco que foi nacionalizado e que xa prestou máis de dous mil millóns de euros do erario público. E ese banco tiña outra empresa asociada que non foi nacionalizada, porque era rendíbel. En Portugal, a decisión foi nacionalizar as perdas, pero os beneficios non pagan impostos. Así que está claro que a intervención podía ter sido evitada. Tería abondado con que houbera xustiza fiscal.

### **Zapatero tivo que gobernar contra o seu propio programa electoral dende 2007. Aconteceu o mesmo a Sócrates?**

Si, completamente. O Partido Socialista e Sócrates tiñan un programa que falaba de investimento público, de apoio social, pero non se puxo en práctica. En Portugal, dende o estoupido da crise lévanse perdido 150.000 empregos. O programa prometía que o IVE ía diminuír e aumentou. Prometía máis servizos sociais e máis apoios públicos e neste momento hai un programa de privatizacións dos servizos públicos. Nada do que se elixiu está a ser aplicado. A política que o PS está aplicar segue a liña do que ten sido a dereita neoliberal en Europa. É dicir, o pau aos servizos públicos e ao estado social.

### **Durante as eleccións á Presidencia da República un inquérito de Público amosaba que case a metade dos portugueses considera que o país está peor agora ca antes do 25 de Abril...**

Os portugueses están moi desilusionados co rumbo político do país. Non é real que o país estea agora peor ca antes da democracia. Houbo unha importante evolución e hai datos que así o amosan. Porén, nos últimos anos houbo tal ataque aos dereitos dos traballadores e aos servizos públicos que se percibe coma un paso atrás. E iso está a xerar frustración entre a poboación.

### **A intervención en Portugal pode beneficiar electoralmente ao PSD nas eleccións do cinco de xuño?**

As sondaxes amosan que hai un descontento na maioría da poboación e tamén que non hai unha verdadeira alternativa de dereitas ao Goberno do PS. A dereita tenta presentarse coma unha alternativa a Sócrates, pero non consegue despegar nas sondaxes. Os portugueses entenden que as medidas que queren implementar son exactamente as mesmas do Partido Socialista. Houbo grande presión dende o presidente da República, pero tamén dende as grandes empresas e dende os medios de comunicación para reforzar a idea de que cómpre un goberno de bloque central entre o PS e o PSD porque non hai outra alternativa a non ser o FMI. Esta é unha situación perigosa, porque é antipatriótico falar doutras alternativas. E o que é necesario é abrir un grande debate con todas as alternativas que pode haber para o país.

### **Islandia rexeitou por segunda vez pagar a débeda dos seus bancos. É un exemplo para o resto de Europa?**

É un bo exemplo. Pero non así nas solucións, porque Islandia é un país pequeno e que non está dentro da Unión Europea. Xa que logo, non podemos importar o modelo de Islandia para o resto dos países europeos. Porén é un precedente de grande valor. Porque demostra que cando a poboación di non, é posíbel que as cousas tomen un novo rumbo. Cando se acadou o primeiro acordo para o pagamento da débeda e a poboación dixo que non, o acordo foi renegociado e os bancos xa estaban a aceptar menos xuros e o pagamento a máis anos. Islandia demostrou que se os países non se abaixan ante os mercados, conseguen ter poder de negociación.

### **A denuncia dos economistas portugueses contra as axencias de rating é un motivo para a esperanza?**

A denuncia que lanzaron os economistas portugueses contra os especuladores non é nova, xa aconteceu en varios países, incluíndo o estado español. Baséase en que as axencias de rating están a manipular os mercados para gañar diñeiro coas cualificacións que se lle dan aos países. E a manipulación do mercado é un crime. As axencias deben ser condenadas por ese crime. Neste momento, as compañías de rating están a facer o que queren dentro e fóra da lei e os seus actos quedan impunes e iso non ten sentido. A denuncia pon o énfase en que o que están a facer as axencias é ilegal e que están a cometer un crime económico. E en que deben ser punidas por iso e non premiadas como aconteceu até agora.



**Conoces nuestra edición en papel?**

**Xornal**

**SUSCRÍBETE AQUÍ**

The advertisement shows several copies of the newspaper 'Xornal' with various headlines: 'Menos rojos', 'Galicia fala en galego', 'Que máis precisa Lejón', and 'Fusión en Galicia'. The background is dark blue with the newspaper's logo and the call to action 'SUSCRÍBETE AQUÍ' in white text.